

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de xaneiro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBRNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acordase a licenza urbanística para a rehabilitación da vivenda unifamiliar tradicional, do núcleo rural tradicional de galegos+portíño, parroquia de Lugo-Galegos (Santiago de Afora), rúa Ripanzo número 22. (expte. 2021/Y001/000154) e para construción de vivenda unifamiliar illada no núcleo rural de Viador, parroquia de Anxos. (Expte. 2020/Y001/000150).

Acórdase denegar as licenzas urbanísticas: para rehabilitación de construción tradicional e construción de nova edificación para uso de apartamentos turísticos no solo clasificado no P.X.O.U., como núcleo rural tradicional de Conturiz+San Amaro+Castro, parroquia de Santo André de Castro, número 11. (Expte. 2020/Y001/000107) e para legalización e ampliación dunha edificación existente para local social dun campamento turístico, nova edificación para distintos servicios, construcións de 6 cabañas bungalows para usos turísticos, na parcela de solo clasificado como rústico en Montecelo, San Vicente de Pedreda. (Expte: 319/2014).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para construír garaxe vinculado a vivenda unifamiliar existente na área de expansión do núcleo rural de Gondar, parroquia de Gondar. (Expte. 2021/Y002/000118).

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**